

MARIA MARIÑO CAROU é o primeiro poeta místico de Galicia. Unha mística sin dogma, actual, nosa, con todo o agonismo do home d'hoxe e todo o patetismo que dá a inminencia da propia morte e máis cando ésta é prematura.

Unha súpera vertixinosa asunción ó cimo do pulo, levada tanto da pura forza interior como polo desencadeamento da Verba no Intre Orfíco. En fin unha nova forma pro Espírito da Memoria, cáscas que sempre da Natureza, sobre do vértice da Morte.

MARIA MARIÑO, quizaves o poeta que menos libros leco, que cáscas que non leco fibros, parte sempre da cultura i a fala popular i é, pola sua incontaminación libresa, a máis válida *toma* da alma galega. Nos seus poemas, concretamente nos de VERBA QUE COMENZA, non se comporta nunca como os *popularistas*. Ela está metida toda no poebo e fala por el e dendes d'el. Non falla del nin procura *por se popular*. Nin curiosamente a sua poesía é o que se di de temática popular. Nin, supómonos, de acetación popular.

Dinamiteira da Fala, preme, rompe comba, bate a sintaxis convencional, destrivando a expresión, quizaves sabedora de que a verdadeira esencia do noso idioma é a liberdade. Esa liberdade dos grandes falantes nosos, que non implica esquezo do rigor profundo i a tradición viva. De aí a fluencia do seu verbo, do seu verso, que lle permite dar como ningún o caudal, movemento e troque interior, a subida ó pulo e volta ó chan. Esta mística da Existencia, inda despois do arranque i a asunción máis sostida, sempre volta o chan.

Poucos se deron conta entre nós de que MARIA MARIÑO era un poeta *distinto*. Poucos ven aparecer o novo cando realmente aparece. Cando a p o v e c e , como decimos no Courel. Por eso a reivindicación

Maria Mariño Carou, noíesa do Courel

Dinamiteira da fala

tras que a REAL ACADEMIA lla adica ó poeta Anado Carballo. Iste intre tan sinalado pra memoria e reivindicación de MARIA MARIÑO ven a coincidir xustamente co 15 aniversario da sua morte.

A revolución idiomática que nos trae MARIA MARIÑO CAROU non sólo atañe, non sólo é válida pro uso dos poetas senon que *marca unha pauta de liberdade pra todos os que precisan un vehículo de expresión cada vez máis flexible a que responda á complexidade do real.*

NACE en Noia o 25 de Sanguago de 1918. Pasa toda a infancia e adolescencia en Noia. E logo en Santiago i a Coruña donde se traslada sucesivamente a familia. I alga temporada no Ferrol cunha tía sua.

No 1936 pillaa a Guerra Civil en Algorta (Vizcaya) cunha irmá casada allí. Vive a experiencia do chamado "cerco de Bilbao". Ve a nosar os porcos, que levan consigo as familias labregas vascas desplazadas pola guerra, por entre as balastradas dos elegantes chalets de Neguri.

Rematada a Guerra Civil volve a Galicia. Engonces os seus pais viven en Boiro, donde coñoce e contraí matrimonio con Roberto Posse Carballido, compostelano que exerce elí o Maxisterio.

Trasládanse logo ó Pais Vasco, ó Anchove. Teñen un fillo que perden o mes de nacer. Do Pais Vasco volta outra vez pra Galicia a unha escola de Arzua. E de Arzua pra a Montaña luguesa, a Romeor do Courel.

Perde eiquí a sua mai e sofre unha depresión nerviosa. Ramón Baltar, médico do Courel, amigo de Maria e Roberto, recoméndalles a Escola de Parada, donde estarían menos illados, dentro do illamento que, por si supon o Courel. I así foi como MARIA MARIÑO veo dar a miña aldeia. Debeo ser polo corentese-corenteito.

No 1957 comenza a escribir, primeiro en castellano e logo en galego. I en 1963 cando inda rexía as Eds. "CELTA" de Lago o bondadoso libreiro-editor Francisco Esteban González publicou PALABRA NO TEMPO de MARIA MARIÑO na COLECCIÓN TESOS CUMES, que pra eso creámos e que non pasaría daqui N.º 1.

Nos anos que eu me fora a Madrid, pasou a escribir novamente en castellano alguas prosas e poemas. Desta época sólo sei dun poema galego de títuo GALICIA, do que sempre lembro iste verso que sintetiza o noso curso histórico:

Fontes onte carreirina
pra quedar mofo na pedra...

En febreiro do sesentesis cando eu me viñen de Madrid, xa a leucemia fixera nela estragos demasiado visíbles. O mes seguinte comenzou de novo a escribir en galego. Era o primeiro dos 35 poemas de VERBA QUE COMENZA. Un ano despois escribía o último tamén polo marzo. O 19 de maio (1967) falecía en Parada do Courel, onde chegara 20 anos antes.

A Escola de Parada leva xa muito tempo pechada i está coa cal denegrida e sin cristales.

Quizaves haxa algunha inexactitude nistes datos biográficos, mais eu creco terllo oído así, e falamos horas diarias durante anos e anos.

UXIO NOVONEYRA



que agora fai a ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA da sua figura e obra ten valentía de descubremento. Esta Asociación adícalle a autora de VERBA QUE COMENZA —libro que sólo en Galicia pode seguir inédito, correndo como correo en copias mecanográficas, fotocopias, recitales e conversas dende fai anos— a SEMANA DAS LETRAS GALEGAS, men-

A poetisa Maria Mariño, á que a Asociación de Escritores en Língua Galega vaille dedicar unha homenaxe, naceu na vila de

Maria Mariño,

ileo, que era muller moi sufrida e pasaba moito tempo no seu fogar.
Maria Mariño é autora dun único libro